

COMUNICACIÓN DE INSCRIPCIÓN COMO ENTIDADE DE FORMACIÓN PARA A MODALIDADE DE TELEFORMACIÓN NO REXISTRO DE ENTIDADES DE FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O

Presentada con data **19/06/2023** y número de expediente **2023/307860-12**, a declaración responsable de inscripción no Rexistro de Entidades de Formación profesional para o emprego para os efectos de poder impartir na modalidade de teleformación especialidades formativas non dirixidas á obtención de certificados de profesionalidade incluídas no Catálogo de Especialidades Formativas previsto no artigo 20.3 da Lei 30/2015, de 9 de decembro, pola que se regula o Sistema de Formación Profesional para o emprego no ámbito laboral, en nome de:

CIF - RAZÓN SOCIAL

B70470927 - INNOVA CONSULTORIA FORMACION Y P

SEDE SOCIAL

CL DURAN LORIGA 0009 6 D, 15003 CORUÑA, A (CORUÑA (A))

e tendo en conta o seguinte:

Primeiro.- Mediante dita declaración responsable, a entidade de formación referenciada manifesta que dispón de suficientes instalacións e recursos humanos (que son propios ou son de titularidade de terceiras entidades privadas ou públicas e pode utilizar de forma lexítima mediante o correspondente acordo ou contrato de dispoñibilidade) que garanten a súa solvencia técnica para impartir, na modalidade de teleformación, a formación de especialidades formativas non dirixidas á obtención de certificados de profesionalidade, conforme aos requisitos especificados no Catálogo de especialidades formativas previsto no artigo 20.3 da Lei 30/2015, de 9 de setembro, dentro do ámbito da formación profesional para o emprego, así como para garantir a calidade de dita formación.

Segundo.- A declaración responsable presentada producirá os efectos establecidos na Lei 30/2015, de 9 de setembro, e permitirá o comezo da actividade como entidade de formación para impartir, na modalidade de teleformación, formación profesional para o emprego nas especialidades formativas non dirixidas á obtención de certificados de profesionalidade do Catálogo de especialidades formativas que en dita declaración responsable se especificaron, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección atribuídas as Administracións Públicas, de conformidade co establecido no artigo 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Terceiro.- A inexactitude ou falsidade en calquera dato, manifestación o documento, de carácter esencial achegado ou incorporado xunto coa declaración responsable presentada, así como o incumprimento dos requisitos, obrigas e compromisos establecidos, determinarán a imposibilidade de continuar coa actividade como entidade de formación para impartir, na modalidade de teleformación, formación profesional para o emprego nas especialidades formativas non dirixidas á obtención de certificados de profesionalidade do Catálogo de especialidades formativas que en dita declaración responsable se consignaron, sen prexuízo do réxime de infraccións e sancións previsto no artigo 19 da Lei 30/2015, de 9 de setembro, e, en xeral, das posibles responsabilidades penais, civís e/ou administrativas.

En consecuencia, e de acordo co sinalado nos anteriores parágrafos, comunícaselle que se lle asignou o código **8000002036** quedando inscrita co mesmo no Registro Estatal de Entidades de Formación para impartir, na modalidade de teleformación, as especialidades formativas non dirixidas á obtención de certificados de profesionalidade que a seguir se especifican. Así mesmo dita información incorporárase ao Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia.

Especialidades formativas inscritas

URL_seguimento accións formativas

<https://campus.talentiaformacion.com/>

URL plataforma de teleformación

https://campus.talentiaformacion.com/webservice/s_soap/server.php?wstoken=10254dc96b9d7837f80b4a015f7178c

Código e denominación das especialidades formativas

**SSCE002PO_1 - ACREDITACIÓN DOCENTE PARA TELEFORMACIÓN:
FORMADOR/A ON LINE**

A entidade de formación inscrita queda obrigada a cumprir o establecido no artigo 16 da Lei 30/2015, de 9 de setembro, e demais normativa que sobre esta materia resulte de aplicación.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital
O xefe do servizo de Planificación da Formación para o Emprego
Alfonso Blasco García